

A N O S A T E R R A

BOLETIN DECENAL

Idearium das Irmandades da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN
Na Cruña ó mes, 40 cts. Fora trimestre, 1'50 ptas.
Coste d'un número, 15 América id... 2
IPAGO ADIANTADO

NUMERO 104
A CRUÑA 5 DE SANTOS DE 1919

Redacción e Administración:
PLAZA DE MARIA PITA, 17, BAIXO
(Irmandade da Fala)

NO VÍSPERA DA II ASAMBLEIA

As intransixencias i-os escrusivismos dos nazionalistas

Os nazionalistas, defensores d'o orden indicado pol-a natureza frente a artificialidade d'o orden consagrado pol-os Estados que s'esborrallan, están chamados a sere os salvadores de Galicia n-o azaro que s'aveciña a xuzgar pol-o carís qu'están tomando as cousas.

A Asambleia nazionalista de Lugo foi sin dúbida o feito político-social que n-estes tempos tivo mór importancia pra nosa terra. N-ela o espírito dos nazionalistas, debido a súa amplitud de criterio y-á perfeuta comprensión do problema, non engorron n-a estreita caracocha d'unha forma de goberno determinada, y-as distintas correntes d'opinión en que s'alcontraba esnaquizado o pensamento de Galicia, conviñeron n-unha serie de puntos concretos (sin preocuparse dos principios d'onde manaban as aspiracións coincidentes) creando o xermoló d'a «unidade moral» de Galicia. ¡Boa falla faguía isto!

Mostraron os asambreistas de Lugo qu'aínda s'atopan persoas en Galicia que seiban «escoitar», y-é porqu'a nosa raza conserva intauto o espírito crítico, qu'é o azar contra que se desfán total-as utopias y-a canella por onde camiñan a cultura y-o progreso humanos.

Debido o sentido do posibre e d'o imposible que ten, como ningunha, a raza gallega, viuse en dita asamblea qu'hastra os socialistas documentados que non están incorporados o réxime intransixente e burgués das organizacións antuaes, para acetar o programa agrario gallego qu'affirma a propiedade privada d'a terra, non tiveran que facer novas apelacións ou consultas, com'os guesdistas n-a Francia, á estadística d'os labregos independentes, nin á necesidade de porpagar as súas ideas a pequenas dósis pra faguer posibre a súa aceptación: abondalles con estaren seguros de que na vida d'os pobos ten

mais eficacia a lóxica d'o sentimento qu'a da razón e qu'a y-alma d'os gallegos deita por todas partes o amore á propiedade d'os leiros que teñen.

Iste apego qu'os gallegos temos a propiedade, será contrario ás doutrinas socialistas; pero é unha realidade, qu'como tal ten que ter en conta o político y-o sociólogo e con arrego éla sentar as súas premisas e trazar o seu plan. As naziós góbernanse con realidades; mais non con teorías. Por esta razón, todol-os conductores de masas, si queren facer unha labor fecunda, deben buscar o «millor» sin permitir qu'o «millor» sexa «anemigo d'o bó».

Gobernar é aplicar médeos a fis, y-o político ten que facerse co-iles estudiando á psicoloxía da raza qu'ha de rexir ou gobernar. Pode ser que por esquecer ista regra, Pedro o Grande de Rusia, esté prósimo ó cumprimento d'a profecía que J. J. Rousseau fixo n-o capítulo VIII de «O Pauto social».

Os nazionalistas gallegos como non loitan pol-as persoas senon por Galicia, d'o mesmo xeito que se reservan o dereito de criticar os erros en qu'incurren todol-os esquiñotes e políticos e de revisar todol-os programas (porque todo ideal é «unha perfección comparativa sempre superior ó estado actual, sempre inferior á absoluta perfección e sempre facendo un esforzo d'o primeiro á segunda»), están decote prontos a non escatimarll'as loubas ós que non loitan n-as súas filas, e cando fan algunha cousa atinada pra Galicia, e sirva d'exemplo qu'en ningures mostramos o mais pequeno reparo pra loubar ó siñore Besada (qu'en gloria esté), por haber dictado o Real decreto de 11 de Setembro do, ano derradeiro que puxo nas maus d'as parroquias a y-arma con qu'acabare c'o caciquismo, arma que por disgracia lles abarballará o siñore Bugallal si os paisanos non se dan presa a tomarse a xusticia pol-a man.

«¿Está vosté seguro de qu'os que combaten ó nazionalismo non están trabucados?»

Si o nazionalismoalcontra oposición en algures débese a que moitos non se decatan de qu'a perda do valor l'os seus boys n-a feira pode obedecer a unha orde dada alá en Madrid (com'a de 17 de Setembro de 1918 dada pol-o siñore Besada (qu'en gloria esté) autorizando a admisión libre de dereitos d'a carne conxelada. «Gaceta de Madrid», número 260, páxina 761)), e de que como dixo Cambó n-a conferencia que dou o 29 de Xunio d'o ano actual n-o Ateneo Democrático Rexionalista d'a barriada obreira de Pobo Novo acerca de «O problema social»: Unha boa ley, un bó tratado de comercio poden crear unha industria, unha potencialidade que permita o pago de grandes xor-nales».

Por outra, á mór parte d'as persoas qu'están afeitadas ó favoretismo y-a política de «quitade ti pra porme eu», ou de «loita de mozos contra vellos» como di un amigo meu, mételles medo ista regra fundamental d'a Etica nazionalista: «Nada ó home pol-o home. Todo ó gallego por Galicia».

ARTURO NOGUEROL BUJAN.

Os poetas mais novos de Portugal

Versos enviados «A NOSA TERRA».

Heráldica do Reino

Traçar o teu perfil alevantado
Era difícil... Mas o teu brazao,
Basta ser-se Poeta e Desgraçado
Para o poder traçar no coração...

Eu que sou moço, un moço torturado
Que me cruxifiquei na Creação,
Nao nascería acaso destinado
A traçar teu heráldico brazao...?

O Livro da Saudade á minha frente...
Ah! como custa comprender a gente
Toda a tristeza que nos vai cá dentro...

O teu brazao é facil de fager:
Saudades, mais saudades a nascer,
É un coração... Um coração ao centro...

JOSE FIGUEIRA LOPES.

Porto, 1919

TÁBOA D'AVISOS

Presidente da Cámara Agrícola de Lugo, Pepe Benito.
¡Pobre provincia de Lugo!
¡Danos lástema!

A Cruña, facerá corridas de touros no vrán que ven, con «Gallito».

Vigo, que sinte o lexítimo orgullo de non ter praza de touros, inaugurará denantes do Agosto próximo o tranvía a Mondariz.

No Ferrol e Asturias vólvese a facer campaña pol-o ferrocarril da Costa, cuia nova subasta ficou deserta.

Ferroláns e astures inda confían nos deputados cuneiros.

Fracasará a nova tentativa. E fracasarán todas hasta que xurda un xeito revolucionario. Díxémoslo moitas veces xa...

En Paderne, houbo un mitin de caciques que a «Voz de Galicia» nomeou «de propaganda honrada».

Os Cesariños e Valerio fono os oradores. ¡Tres profesionas da vella politeca noventa! ¡Tres bichos que andiveron sempre dentro-ou ó redor da cova provincial!

¡Política honrada! Os Cesariños, que mendigaron homillándose, xuntárense a nós cando as eleccións que fixemos xuntos e os catalás... Os Cesariños que logo coquetearon e os republicáns... Os Cesariños, eternos caciqueadores.

«Política honrada! ¡Ben pol-os cidadáns de Paderne que lles deron unha corrida!

E que «A Voz» poña certas cousas... Así vai perdendo leutores.

SÍNTOMAS

PARA QUE VEXAN OS CEGOS

D. Alfredo García Ramos, gassetista antigo, invertidor do refrán «farto de carne...», director do «Ideal Gallego», vai para Madrid, segun din por alí:

Vai d'encarregado do bufete d'un político que non pensou no bufete hasta ser exministro.

Vaia bento de Dios. El vaia para onde queren traguernos a vella política con xeitos de novidade. El ogallá fosen con él—en espírito xa van—cantos buscan a conta do rexionalismo, verba descretada, algo sustancioso e proveitoso.

Os que nos chamaban intrangixentes comezan a ensinar a orella. Axíña


decataránse os inxénuos de quen es eran os altruístas, no galeguismo, e quen es os «vivos».

Nós, coma sempre; outros sempre arrivistas. Estes pensan, coma decote pensamos nosoutros, que a lingoa galega, non sirve d'escada pra sobire á

Meseta. E xa volven a falar, fora da poesía, somente en castelán. Falaron en galego cando esto daba prestixio entr'os catalás. Agora que non hai catalás e hai, en troques, galegos de Madrid, que poden axudaren, impónse o falar en castelao. Pol-o si ou pol-o non.

A ESCULTURA GALEGA

INDALECIO DÍAZ VALIÑO



¿Quén non coñece a este rapaz erudito? Forma parte d'unha familia d'artistas. Ten outro irmán pintor, o notable Camilo, e outro músico.

Indalecio Díaz Valiño, moí novo aínda, paseia pol-as ruas da Cruña a súa figura outa, un pouco eslombada, na que destaca unha bondade cheia d'inxenuidá e sixeiza. Para a súa sorte, este rapaz artista, querido por cantos coñecénno, é algo curto d'ouvido. Así non pode decatarse de loubanzas esaxeradas nen de murmuracións dos espíritos cativos.

Vai pol-o camiño do difícil arte da escultura, andando con seguridá e acerto. Ten dado xa probas a oito do moito que val e do moito que leva dentro da súa i-alma de neno.

Ficaba esquecida e morta a arte escultórica en Galicia, onde coma en ningures tería de ser gloriosa e abon-

dosa. Soio unhos tanteios de Pola, unhas manifestacións notables de Asorey—que vai camiño do conqurimento da mestría—e algo de López Mirás, de quen agardamos moito xa que traballa para superarse.

Agora xurdíu Indalecio. Mentras parvos de Santiago perdían o tempo orgaizando festas d'omenaxe a Julio Antonio artista extranxeiro; con obras desconecidas para os santiagueses, esquencéndose do gran Asorey, e sen pensaren que Compostela está magoada pol-a palmatoria benlluriana da Praza do Hospital, Indalecio comezaba a súa labore con fé, entusiasmo i-acerto. Levaba ó barro sensacións i-emociós enxebres. Bocetaba cabezas de vellos e grupos de persoaxes das nosas aldeas; amén de bustos ben entendidos de artistas de sona na patria galega. En nas Exposicións de seu irmao Camilo 9

Imeldo Corral, o mesmo que na de Bós Ares, tan discutida mostrou traballos.

Indalecio pertence á escola nacente que forman, Castelao, Asorey, Palacios, Corral e Cabanillas. Escola que xa ten un pintor de humorismo, un escultor, un arquitecto, un paisaxista e un poeta. E que conta con glosadores da súa estética coma Vicente Risco e Johán V. Viqueira.

Oxe ofrecemos ós nosos leutores unha caricatura de Indalecio Díaz Valiño —merecedor de tódolos estímulo— feita por un rapáz cruñés de quince anos: Alvaro Cebreiro. Este rapáz, leva na súa alma un humorista imenso e un esquisito escritor que s'estuda e non se malogra, chegará ó cume da soa Cheo d'inquietude, profesa, quizais coma xeito transitorio, no ultraisino oxe en boga. E o primeiro ultraista cruñés. De Alvaro Cebreiro era tamén a caricatura d'Imeldo Corral que temos publicado no derradeiro número d'este boletín, cada día mais lido.

¡Fera eses localismos perigosos!

Vigo e a Cruña

Nen Vigo nen a Cruña teñen culpa de que haxa algúns señores n'ambos pobos, adicados a rifaren de xeito ridículo pois s'un val mais que o outro.

Vigo progresa canto pode... A Cruña menos do que pode... Mais o progreso de Vigo interéstanos a tódolos bos galegos. Ogallá chegue axiña a ser a mellor urbe da Hespaña.

Meréceo: primeiramente, por formar parte da nosa Terra; logo, porqu' é vila traballadora; logo aínda, porque honra a Galicia, xa que non quere praza de touros, e tamén por estar limpa de picoretadas cursis e d'oficinas do Estado.

Non'os faigamos ilusios con estadísticas do pasado na man. Ollemos realidades.

Vigo ha de ser porto de Castela, Ourense e parte de Pontevedra. Vigo ten agora en construción mais de cincuenta edificios bós. Vigo ten moitos kilómetros de liña tranviaria. Axiña será estación do balneario de Mondariz. Conta con magníficos astilleiros particulares e c'unha industria, a conserveira, das mais importantes de tod'a Península. Está, tamén, perto de Portugal. E isto coma romate: en poucos anos de 20.000 almas, subeu a 60.000. ¿Que entraron hasta agora mais barcos acó que aló? O que pausou non é o mesmo que o que pode e ha pasare.

A Cruña, sen o ferrocarril da Costa, eo ferrocarril a Santiago, que chegará a sere? Non ten unha Castela, tras si, arelando abrírese camiño mariño polo seu porto. Construye poucos edificios, e todos cativos. Fai obra de romanos o leval-o tranvía a Sada. Ten escasos kilómetros da liña tranviaria. As súas industrias son reducidas. Está chea de

preguiceiros burocráticos dependentes do Estado centralista.

¿Onde, pois, hai un pulo vital mais forte e moderno? Nós, nemigos dos localismos abafantes e parvos, protestamos contra d'esas comparanzas ridículas e xenreirosas qua adoitan a faguerse nos xornaes d'aquende e alén.

Progrésen os pobos galegos; seian cales seian. Asin progresará Galicia.

Ademais, ¿onde vedes intereses opostos entre Vigo e a Cruña?

NA EXPOSICIÓN D'IMELDO CORRAL A CONFERENCIA DE CASTELAO



C'os salós da «Irmandade» da Cruña cheios, ategados, rebosantes de público, dou a anunciada conferencia o insigne Castelao.

Do que foi o discurso do noso xenial irmao, faláron os xornaes. Nós, non imos falar agora d'ela. Cómprenos rexistrar o feito, xa que os leutores d'este boletín enxebre, han concecla enteira, pódendo gardala c'o amore con que se garda o bó.

Na data seguinte á da conferencia agasalouse ó gran artista da raza, c'un xantar agarimoso no «Hotel Londres».

N'este xantar, xunto c'o anfitrión presidían a táboa o mestre Sotomayor, eo primeiro conselleiro da «Irmandade». Entr'os coménsaes lembrámonos dos seguintes: Casares Quiroga, Castillo, Seijo Rubio, Imeldo Corral, Mirás, Mariñas, Abelaira, Rodríguez (Tomás), Casas, Mira, Villar Ponte, Sarmiento, Suárez Carrero, do Villar (Rafael), Casal, Carré, Varela (Bernardino), Tella, Fernández Mato, Varela, Somoza, Núñez e Calviño.

Non houbo brindis. Ofereceu o xantar Peña Novo, e dou gracias Castelao, en duas verbas.

Da Exposición de xenial mestre do humorismo da raza, falaremos no próximo número.

Para os irmans da Fala cruñeses

Axiña hánse inaugurar nos salós da «Irmandade» unhas veladas artísticas e teatraes, pol-o cadro de declamación da mesma entidade.

Na primeira terá lugar o estreno d'unha farsada granguñolesca n'un paso, nomeada «Entre dous abismos», cheia d'interés e d' emoción, ademais da póise en seca outras obrinas de xeito cómico.

Asin, con estas veladas, con Esposicións d'arte e conferencias, terán os socios da «Irmandade» mejo de pasaren moi boas horas durante o inverno.

¿Unha bulra a cidadanía?

O Congreso galego-americano

O mesmo A NOSA TERRA que as «Irmandades» teñen recibido invitación do orgaizadore do Congreso galego-americano que ha facerse en Montevideo.

Nós ollamos con agarimo canto poida unir n'unha síntesis armofiosa as aroelas das xentes da Raza. Ese Congreso, pois, conta co'as nosas simpatías.

Mais d'él dubidamos que poida sair cousa práctica. Inda que soio é un ensaio de xuntanza para tratar de cousas materiais. Se sirve para que por él fálese de Galicia, xa serve para algo. E n'este senso terá virtude.

N'outros ordes, resultará estéril. No seu regramento desbótanse as custios de xeito «político», «filosófico», e «social». E a vida sen o social, filosófico e político ¿a qué fica reducida?

Temémol-o fracaso d'ese Congreso, como temíamos e mais estivemos no certo, o da Exposición d'Arte galego da Arxentina.

Ollarémol-o, con todo, cheos d'interés. Inda que sendo Picorete o arbitro en Galicia, «¡tableau!»

A voz d'a nosa Terra n'ese Congreso levaránna os principaes escravizadores da cidadanía galega. Mais a voz das «Irmandades» e dos elementos democráticos, todos deixados sen representación nos comités rexionaes, facerá ouvire. Tempo ó tempo. A Montevideo chegarán semblanzas de Riestra, Bugallal e compañía, oportunamente.

Para o próximo número

Un folletín de moito interés

No próximo número de A NOSA TERRA comezarase a publicar en forma física encadernabre, de xeito que a revista, inda arrincándolle a follia fiquenteira, a fermosa conferencia que o noso xenial Alfonso R. Castelao dou na «Irmandade», con motivo da Exposición de Imeldo Corral, sobre «Arte e galeguismo».

Son moitos os que desean léla, pois se trata d'un discurso admirable, fondo e suxeridore; d'un verdadeiro documento para a estoria das artes galegas.

Como se terán decatado nosos leutores, este número de A NOSA TERRA é d'unha dúzina de páxinas como foi o derradeiro e non se xa todos. Millorámo-lo papel, volvemos a publicar grabados, e axiña faceremos aínda outros progresos na revista, única de Galicia onde colaboran os intelectuales de mais conta, entre nós.

Os que se suscriban d'agora A NOSA TERRA poderán facer dentro d'un ano con ela, un libro encadernado onde se conteña o ideario galeguista.

Escolantes vellos e novos

Os escolantes de Santiago, señores García López, Suárez Barbeira, Puga Ríos, Eiras Blanco, Tobío Campos, Pueyo y Abeijón, queren que se faiga naquela cidade, unha Asambleia de escolantes nacionaes galego, para discutiren cousas como estas: «Si débese buscar a forma de que non poida darse o caso de que os mestres de primeiro ensino, por «contaminación», cheguen a adoutaren xeitos desconformes co'a Relixión e co'a organización do Estado hispanol, e se débese protestar contra toda tentativa d'ingreso dos mesmos escolantes nas filas do sindicalismo ateíoo ou sinxelamente neutro.

Esta encuesta mais nos lembra os tempos da Nanita que os d'agora. Elo supón a posibilidade de que haxa mestres galegos capaces de defenderen o centralismo antieuropeo, vergoña d'España. Elo supón, endemal, qu'eisistan, na nosa Terra, escolantes inimigos das correntes modernas sindicalistas neutras, froito da «post-guerra».

Hai preguntas que levan acochado no seu seo un espírito retrógado e pechado pr'os fecundos ritmos dos tempos novos, que honoran pouco a quen as fai. E témola seguridade de que a maioría dos mestres galegos mozos— todos cultos i-enxebres, moitos amigos nosos—han rifar dinamente contra as tendencias dos nomeados e «vellos» escolantes santiagueses. Pra eles e outros coma eles, pidía Altamira a imposición nas Normas d'unha asignatura de «Ideal» con razón d'abondo.

Gabanzas e distincións

A petición das sociedades artísticas rexionaes, o Goberno concedeulle a Perfecto Feijóo o título de cabaleiro de Orde civil d'Alfonso XII.

Os merecimentos do señor Feijóo consisten en ter sido él o creadore dos coros enxebres e o mais entusiasta cultivadore da música e das cantigas populares da nosa terra.

Tamén Anxel do Castillo, bó amigo noso, foi nomeado pol-o Goberno dele-

gado rexio de Belas Artes na provincia da Cruña.

Aquél título i-este nomeamento, párecennos moi axeitados. E para o señor Feijóo e o señor Castillo a nosa embora.

Outra embora merez don Ramón del Cueto pol-o moito que agora, coma denantes ven traballando d'ellos xornas e fora d'eles, por custións de fondo interés para Galicia e para os meniños pobres.

Inda asin mesmo son dinos de gabanza cantos veñen traballando para orgaizar un Museo d'Arte galego na Cruña.

OS HERDEIROS DE PONDAL

Volve a falarse, pol-os que só pensan en homenaxes de chin-chin, da pobreza da tomba de Pondal.

Con esa pobreza nada temos que ver os galegos. Pondal, solteiro, deixou mais d'un millón de réas a rjeos parentes seus.

Eses parentes son os reponsabres da pobreza d'esa tomba. Se eles, logo d'herdar o bardo, abandonan as suas cinzas, é cousa de chamarles o pior dos aldraxes. ¡Qué parentes tan-desleigados! E que pena nos produce que Pondal, sen fillos, e dono de moitos cartos, non deixou nada pra institucións galegas!

A nós, pois, só nos corresponde lembrar as suas poesías. Dos seus restos mortaes que s'encarguen quen es herdaron «materialmente».

Cousas d'Ourense

A Federación republicana d'Ourense, publicou un manifesto, convocando a unha Asambleia d'izquerdas galegas, para estudar os problemas materiaes mais urxentes da nosa Terra. Son catro os temas a tratar: comunicación e trasportes; industrias; foros e consumos. Faceráse a Asambleia os días 15 e 16 do mes actual.

Pareznos ben esta iniciativa. Somenente l'atopamos un defeuto: o que se chame ás izquerdas, sen saber denantes cales son as izquerdas. ¡Vai resultando tan confuso este termo!

Nós coñecemos católicos e monárquicos que teñen mais radicalismo nas custións sociaes e agrarias que moitos republicanos. Nós coñecemos moitos galegos, galegos primeiro que nada, que oitan arreo pol-a redención da Terra, pensando que o confesionalismo, e as formas de goberno, son acidentaes no oleito galeguista. E toda esta forza l'opinión ha ficar fora da Asambleia republicana d'Ourense?

O que xa non nos parece ben é eso que Barriovero sexa o neno mimado de certos agrarios ourensanos. Se lle deben gratitude como abogado, que o agasallen canto queiran. Mais darlle

vela na política galega, resulta unha nova proba da nosa esclavitude moral.

Barriovero, non é home prestixioso. Barriovero non é unha talla. Barriovero, non é galego, pro si un ledó bohemio madrileñista.

Tráguelo en andas pol-a nosa terra, equival a sentirnos cuneirófilos e partidario de sermos sempre colonizados espiritualmente. Barriovero non significa nada serio na política hispanola, e que comece a significar algo na política galega, resulta doozoso e tristeiro!

Pol-a Cruña, non callou...

Labor cultural da «Irmandade» de Betanzos

Esta «Irmandade» pol-a que nós sintimos un afeuto forte e grande, pois témola a coase en relación á distancia xeográfica, tan pouca no que fai á Cruña, como prolongación da nosa, orgaizou, según é sabido, un concurso d'obras teatraes. Este concurso, con premio másimo de cen pesos, romatou xa. Mais acordaron ampliaren o prazo de admisión de traballos até o dez do mes actual, a rogo d'algús escritores.

Logo, abrirá a mesma «Irmandade» de Betanzos, outro concurso c'un premio único de catrocentos pesos pr'a millor novela en galego.

Tendo en conta a cantidade dos premios, o concurso teatral foi o mais importante de Galicia. E o concurso de novelas será un dos mais importantes da España.

Asin faise galeguismo. A nosa emboira e mail-o noso aprauso os bos irmaos de Betanzos.

De ortografía galega

Quen na virgen gloriosa
Esperanza muy gran'ha
Ma car seia muit enfermo
Ela muy ben o guairá

(Cantiga de Alfonso O Sabio).

O noso idioma galego, a semellanza do francés, non se pronuncia como está escrito: o «xa», «xe», «xi», «xo», «xu» céltico qu'entraña, sostituindo de cote á pronunciaión de «ja», «je», «ji», «jo», «ju» e do «ge», «gi», do día, non pode espricarse senon prácticamente. «Virgen», por exemplo, ¿como poderemos escrebilo do xeito que se pronunciaba a se pronuncia no galego? Imposible.

Pois inda que s'escrebira «virxen», non resulta a pronunciaión céltica ou galega.

VICETTO,

na sua «Historia de Galicia» pag. 231, tomo V

Prégase a todol-os suscriptores que non reciban o noso boletín manden a queixa ao adeministrador pra facer a recramación no correio.

Prégase asimesmo aos que teñen a suscripción en descuberto, remitan o importe pol-o xiro postal.

POEMAS DA VIDA

CÁNTIGA DA CHUVA

Campás de Compostela,
de Ourense ou Mondoñedo,
na vosa cantineira

ides pregando o Credo.

Catedraes románicas,
preostos de aventuras
oceánicas

da oscura Normandia

que buscaba fariuras

na bela orfebrería

das capelas reaes;

catedraes:

tés gardadas lenturas

para invernos doentes

e frescuras

prós vraus quentes.

Canto das chirimías

como falar de vellas

¿vas decindo poesías

ou contando consellas?

Nunhos rezos sonoros

que nas serás decides

e trepidan nos coros,

coegos a Dios pedides

prós montaes o ceu

que fixo sólio un día

na inxente fantasía

de Mateu.

Vai a xente fuxindo da arreoada

chuva. Xa recollida

baixo as bóvedas altas

dos moimentos augustos

píde ós xustos

un perdón para as faltas

e as miserias da vida.

As lenturas d'aquel ambiente ecuanime

son feitizo

que lles pon despreguizo

no espírito pusilánime.

Fora sigue chovendo.

Das gárgolas a chuva vai caendo

cun son solemne como son de eirexa.

Ten a música notas d'unha rexa

orquestra de bordós.

O espírito que palpexa

na cántiga bruante d'isas notas

espállase nas gotas

que van quedando rotas

penduradas nas pedras dos casós.

O ceo leva nas súas

entranas unha mágoa

tormentosa.

Chora de dor; a bágoa

caí nas rúas

Cánto é tristeira a choiva.

O ambiente da chovisca

fala como unha noiva

que estivo morrendo. Na ventisca

hai a vos dun estrano pensamento

que deitase as ideas sobre nós

das máis fondas doutrinas. Chuva e vento

saben pregarlle a Dios.

Nos sombrizos currunchos d'estas vilas

destapáronse as gemas

do linguaxe e naceron os poemas.

Nas eirexas tranquilas

fixose a Historia excelsa do meu povo.

IN'ela, mozos, chuchade o celme novo!

Aquí foi onde as razas

deixaron dos espíritos nazonaes

os froitos esenciaes.

Para chegar aquí seguiron trazas

de estrelas que no ceu fan un camiño
de ouro, seda e armiño.

No seu sinxelo rimo

a chuva garda toda

a saudade das lendas mentras roda

a vida. No agarimo

da ágoa hai como un canto

de eternidade, santo.

XAVIER MONTERO.

(Este distinto nazonalista, culto e notable xornalista redactor d'"O Sol", inaugura oxe a súa colaboración, para ledicia dos moitos admiradores que ten entre nós).

LETRAS EXTRANXEIRAS

POEMAS DE NENOS

Ti dis que meu pai escribe moitos libros, más eu non entendo unha verba do que escribe. Toda a noite estivo leendo-te cousas. Dí, ¿entendías ti o que él quería decir? ¿Ti si que podías contar contos bonitos, miña nai! ¿Por qué non-os escribirá así meu pai? ¿E que sua nai nunca lle contou historias de gigantes, de fadas e de princesas? ¿Ou é que as esqueceu todas?

Algúns días tés que chamal-o cen veces pra ir ao baño. E agárdal-o, e volver a quentarlle a comida. E él escribe que te escribe, esquecendo-o todo. ¿Sempre enredando a escribír libros! Mais si eu vou a jogar ao seu cuarto, ti ves correndo e berras-me: «¿Qu condanado de neno que maloé!» En canto fago un pouco ruído, ja me estás decindo: «¿Non ves que teu pai está traballando!» ¡Ay!, ¿qué gusto lle atopará estar sempre escribindo

E cando eu collo o lápiz ou a pruma de meu pai e poño-me a escribír como él (a, b, c, d, e, f, g, h, i,) n-un dos seus libros ¿porque o tomas a mal, miña nai? ¿A él non lle reñes porque escriba! Nada che importa que él destroce tanto papel. Mas si eu arrinco unha sola follina pra facer un barco ou unha pajarela, ja estás decindo-me: «Ay, fillo, que malo és» ¡E a meu pai que destraga tantas follas, facendo-lles marcas negras pol-as duas caras, non lles dis nada!

RABINDRANATH TAGORE.

Deber de xustiza

Cantos poidan, teñen obriga moral d'axudaren ó simpático artista cruñés, Jesús Concheiro. Jesús Concheiro, que xa val moito coma pintor, vai camiño de dar esprendidos días de gloria á sua Terra.

Non axudal-o no momento mais crítico da sua vida ao notable artista, tería de ser un verdadeiro crime.

Jesús Concheiro non pode ficar abandonado. C'un pequeno esforzo pol-a parte de todos os que poidan, compriráse un deber dos mais nobres e patrióticos.

Mercar rifas dos fermosos cadros que lle donaron Sotomayor e Llorens, e perciso. A mercalas pois, axiña. Nós pedimol-o coma cousa nosa, porqu' é cousa de beneficio para a patria galega.

No cabo d'ano da morte de Porteiro

OFRENDA

Xa chegou o primeiro aniversario da morte do loitador. A iste aniversario seguirán outros. En todos eles léráanse os mesmos queixumes e ouviráanse idénticos laios. As prumas xemirán de cote a eterna salmodia da perpétua gabanza. E un ano e outro choutará d'ela, como un «ritornello» funeral, a lembranza panexfrica do prematuramente desaparecido.

Todo elo está ben. Mais diante do irreparable folgan os prantos. Nin queixumes nin laios donan esaltazón á lembranza. Soio os feitos, única proba de qu'os insiños do morto perduran sen esquecemento e sen tibieza, canságrana e solenizana coá aura da inmortalidade. Eles, escrusivamente, poden donárelle vida. O morto, d'iste xeito, vive nas obras dos seus compañeiros e seguidores unha vida, que terá de sere tanto mais intensa canto mais intensa sexa a labore feita. Ademais, a lembranza, d'ista maneira, perderá o carácter anual que ten, pra trocárese en cotidiana. E toda a hipocresía e as bágoas de cocodrilo d'istes choros a prazo fixo ficarán desbotados; a maledicenza non poderá facere diante d'eles os seus guiños bulróns de desconfianza.

Nunca como na acción continuada, sen acougo, terá de sere honrada a memoria do que foi exempro vivente de loita. As fases, os incidentes, as xornadas boas ou malas, farán outros tantos motivos de intensificazón da lembranza. E o desaparecido, dende as rexións sereas de ultratumba hacharase convivindo a cotío con nosco, n-unha a maneira de comunidade de pensamentos e de realizazón pragmática d'istes pensamentos.

Y-eisí, obrando diste xeito, chegarán axiña os tempos en qu' o gran homenaxe da Patria galega ó malogrado Porteiro sexa fautibre. Hoxe por hoxe non-o é. Aínda temos que recorrer moito camiño pra que poida sere. Mais cicais con elo saímos ganando. De homenaxes preconcebidos non percisa o «xenio».

Alí, onde queira que se atope un galego consecate e san, terá maredo: homenaxe o inesquecente morto. E iste homenaxe sinxelo, calado, sin alalgueiros nin estoupes, terá de sere o mellor tributo rendido á morte do malogrado. Será o tributo da sinxeleza e do sentimento que soio os espíritos selectos son capaces de rendiren, e que tan arredado se hacha do barullo da praza pública onde, como dixo o creador de Zaratustra, se alcontran toda-

Las miserias, das que tan lonxe se atopan total-as grandes cousas.

O individual háchase, de cote, moi por riba do colectivo. A masa, o rebaño sempre foi inferior ó individuo. De entre ela soio fica, unha a outra vez, a labor realizada pol-a unidade. Pol-o mesmo, iste homenaxe illado, solitario, de cada un por si, a que denantes aludíamos terá de superar sempre a estoutro homenaxe algueireante da colectividade, atraída, mais que por nada, polo esterno e superficial, único capaz de abrangueren comprensivamente as muchedumes.

É da suma de homenaxes indivi-

duaes, silenzosos, que na data da morte do loitador se rendirán á sua imborrabre lembranza, sairá o tributo único, agarimoso, conscente e sentido cal ningún, qu'é o tributo que mellor cadrá ós homes, que, pol-os seus feitos, souperon creárense unha persoaidade inesquecente.

RAMON VILLAR PONTE.

N. da R.—Algús dos que mais se teñen doído da morte de Porteiro, en liañs impresas, a raíz d'ela, samente pasado un ano, xa se lembraron do Loitador con sentimento de «segunda...»

Vivir para vere.

TIPOS DA TERRA

O CEGO DE PADRENDA

Despois de quince anos, topéime cõ cego de Padrenda, por quen pares que non pasaron catro días. E' o mesmo de sempre, home de compostura, de xeito e de certo ar de distinción. Os gaiteiros da nosa terra son todos asíñ, entre artistas e fidalgos, entre aventureiros e homes de ben, decidores, campehanos e arrogantes, com-ó que cantou Rocalia, com-ó que cantou Curros, com-ó que cantou Cabanillas.

O gaiteiro de Padrenda—o popular Euxenio, respetado pol-os vellos e agarimado pol-as mozas de cen comarcas—ar-dive dende entón pol-o mundo, pol-o seu mundo de Galicia, de romaxe en romaxe, de festa en festa, de povo en povo, tocando pra alegrar ás vellas e falando baixiño, conqueridore e namoriscado, ó corazón d'as mozas qu'él ben conceía como vello zuruxano que tiña acertado cas doenzas do peito, mais fortes y-escandidas.

Euxenio é tan conecido na provincia de Pontevedra com-o marqués de Riestra, anqu-él por refinamento nunca se meteu en política, nin fixo adoanada ningunha, nin tropezo en cousas que non fosen do seu arte, e dende logo ten amigos mais verdadeiros que o marqués, anque non lle fai a ningún mais mercé qu'a da sua verba reloucante e a sua música escolleita.

Euxenio tanguae calquera instrumento, dende a gaita até o violín, pasando pola guitarra e pol-o acordeón. Tamén sabe tanguer o violón cando lle peta, siquera sexa pra facer alarde dos seus amplios conecimentos filarmónicos dinste d'algún «señorito».

Fai moitos anos que o cego de Padrenda é hóspede da Toxa durante a xera de baños. Todos o conecen y-él conee a todos. No hotel é cego e mú-

sico, gaiteiro e quizáis pidichón, pro él dase aquel de señorío e de fidalguía, e, ríndose pr'o seu chaleque, arrínca-llos cartos ós señoritos tocándolles o «non me mates» e ós señores tocándolles a Marcha Real.

Cada vran que chega, Euxenio váise pr'a Toxa e alí agarda os seus conecidos. Tan axiña lle petan na hombreira e lle falan, o cego xa sabe quen é e chámalle de camiño pol-o seu nome, inda que houberan pasado vinte anos. A moitos coneeos pol-o alento, sabe de qué pe coxea cada ún e trátaos según teñan o costume de estirricar ou non os petos.

Ademáis de sere baguiano en moitos instrumentos, o cego de Padrenda conee a música de todol-os países do mundo, e cando os vales vieneses andaban a feito en «soirées» e veladiñas, él fixo un bõ agosto tocando, a veces, aires dos muxichs rusos.

A cada un bañista despédeo según a propina que lle da, tendo en conta tamén a importancia da peza musical. Como si o mais rico fora o millor peixe—¡qué ben conee él o paño...!—cando colleita boa propina—unha ou duas pesetas—toca a Marcha Real. Ironista de cepa enxebre non hai dous coma'él. Non me negaredes que a Marcha Real vale ben un par de pesetas.

Asíñ é Euxenio, o cego de Padrenda, labereo, marrulleiro e humorista, fidalgo e namoreiriño que cando rasca no violín e ule que ten preto boas mozas, fai sorrisa de ceo, e arrínca-las cordas sóns doceisimos d'unha esquisita volutuosidade....

ROBERTO BLANCO TORRES.

A SIINDICACIÓN DOS XORNALISTAS

Veñen sindicándose todol-os xornalistas d'España. E a úneca maneira, de que conquiran respeto por parte das empresas editoriaes.

Os xornalistas eran os homes mais, disgraciados da sociedade con fahenda de señoritos. Tiñan e teñen ainda menos independencia que o mais homilde xornaleiro.

Dos crueses, non hai que falar. ¿Sindicaránse? Se n'ó fan merecen seren escravos. E pol-as trazas...

OS NOSOS PINTORES

SEIJO RUBIO



A Cruña.—Convento das Bárbaras

Diante o moimento de Carral

Falla un letreiro n-ista cruz ergueita en lembranza dos fortes loitadores que pol-a Libertá deron a vida n-ist lugar sagrado d'end'estonces; e son as verbas que Solís ceibara cando, virándose, deprocatouse que pol-as costas íban fusilalo:

“Solís n'ha de morrer com'os treidores”. Con ouro hai qu'escrebilas, pra qu'exem-

[prosexan de cantos pol-a Patria loiten. Que cando á Libertá s'oferee a vida, non débese tremen nin diant'a morte.

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS.

Vigo.

Suscríbese V. A NOSA TERRA

AS MURALLAS DE LUGO



PORTA DE SANTIAGO

Segunda Asambleia nazonalista de Galicia

MANIFESTO

O Directorio do partido nazonalista galego acordou celebrar a Segunda Asambleia nazonalista na cidade de Santiago os días 7, 8 e 9 do presente mes de Novembro.

As «Irmandades da fala», repensación organizada do nazonalismo, na Primeira Asamberia, que se celebrou o ano derradeiro na cidade de Lugo, definiron o seu «Idiariu político» n-un programa de todos coecido. N-aquela Asambleia somente podían ter cabida as mesmas «Irmandades» pra poder fixar integralmente e libremente o seu pensamento.

Oxe, xa con un programa por todos nazonalistas practicado, o Directorio convoca a Segunda Asambleia, non pra definir o que xa está, sinon para coordinar os seus esforzos, e-os esforzos de todas aquelas entidades e persoas, que sin habérense manifestado nazonalistas d-unha maneira oficial, ou ainda pertencendo a outros setores políticos, siguen orientaciós anticaciquiles e practican labor cidadana, pra ver de chegar a converxencias posibles dentro da liberdade de cada grupo, y-eficaces pra o acabamento do caciquismo e pra o triunfo de todo ideal galeguista.

Por iso, inspirados n-un fondo pa-

triotismo, invitamos pra tomar parte n-a Asambleia a todos aqueles que sintan arelas nazonalistas; a todol-ós rexonalistas, y-en xeneral, a cantos, sin atrevérense ainda a chamarse nazonalistas, comprenden a necesidade d-unha trasformazón descentralizadora; ás sociedades agrarias e a todas as persoas e organismos políticos e culturais, que sin pertenceren ós partidos turnantes, estén conformes coa necesidade d-unha vigorosa actuación cidadana e anticaciquil en toda Galicia como punto de partida indispensable pra sua redenzón espiritual, política y-económica.

As «Irmandades», en contacto e-os elementos que se dinen concurrir e inspiradas n-un outo espíritu de tolerancia, sin deixar de ser o que son, porán do seu lado todas as facilidades pra chegar a resultados e intelixencias prácticas, sobre puntos concretos ou xenerales, a fin de autuar armónicamente o maior número de forzas no conqurimento de aspiraciós comúns a todas e de beneficio xeneral pra Galicia.

Todol-ós concurrentes terán voz e voto.

A Cruña, 1.º de Novembro do 1919.

O DIRECTORIO.

Novas da causa

Victoriano Taibo, o inspiradísimo poeta e culto escritor dará na «Agrupación Cultural d'Ortigueira unha conferencia notable.

Ha desenrolar de xeito maxistral o tema: «Porqué do cultivo da nosa fala».

Sobre d'esto temos qu'escrebire con mais longura. Oxe abóndanos con darlle a nosa embora ateigada d'agarimo, por adiantado.

En Paderne, houbo un mitin agrario no que faláron entr'outros oradores, Peña Novo, Casares Quiroga, Longueira e Villar Ponte.

En Rianxo celebróuse un mitin grandioso no que pronunciaron valentes discursos Castelao, Culebras, Pena Novo e o labrego Pombo, entre outros.

Moitas sociedades agrarias e o pobo en masa, asistiron a él.

Tiña o acto coma ouxeto, protestar contra dos abusos caciquiles noxentos dos gassetistas que capitanea o triste Vituro.

Foi ó mesmo tempo un desagravio á honrada familia do gran Castelao.

No Ferrol, axiña ha d'estrenarse a notable obra dramática galega de Xaime Quintanilla, nomeada «Donosiña».

Hasta agora, coidamos qu'é a obra mais importante pol-o moderna e intensa, do teatro galego.

Xaime Quintanilla prepara outras obras de grande modernidade.

Na Cruña houbo unha xuntanza de todol-ós millores aficionados ó arte de Talía, na que figurou o apraudido actor Fernando Osorio, para tratar de darlle un forte e serio empuxe ó Teatro galego.

O cadro de decramación de Santiago «A Terriña», preparará varios estrenos de obras enxebres. Outros cadros de Vigo e Ourense, termán do mesmo.

PENEIRANDO

—Cambó, dixo: «Galicia qu'é portuguesa...»

¿Que quer dicir esto? Quizais Cambó lles deba esa noición ós pintorescos socios das «Irmandades da fala» qu'escreben Hespaña, asin, con hache, inda que non'a aspiren nen moito menos, para escribilo á portuguesa e d'este xeito diferenciárense—de España, non de Portugal—mellor. Porque da diferenciación ortográfica e litúrxica e indumentaria é a manía dos que, por dentro, no mais íntimo da i-alma, sintense indiferenciados.

As verbas que liches agora, son d'un artigo de Unamuno. Unamuno xa nos ten adicado outras lembranzas. Para algunhas tivo Vicente Risco contestación axeitada. Para éstas fixo unha fermosa carta aberta, inda inédita, Xaime Quintanilla.

Nemigos coma Unamuno, góstanos a nós. Pois Unamuno que oxe nos combate calquer día darános a razón. Quizais cando se decate de que no nazonalismo galego figuran tódol-ós homes novos de Galicia que se teñen sentido «diferenciados fondamente no mais íntimo das suas i-almas». Todol-ós «únicos» que poderían dialogare con Unamuno, n'esta terra colonizada i-esrava, espiritual e materialmente.

Nemigos coma «Xaimiño» o fabricante de novelas, en troques, non merez a pena de telos en conta.

De miolo, andan moi mal. De cultura, valeiros compretamente. E para contra teñen cego o sentido común, e contradínse a cotío.

Logo de escribire que os nazonalistas galegos éramos sete rapaces que nos axuntábase orredore d'unha mesa de café, agora reitifica «Xaimiño» e bota as campás a rebato dicindo que hai que atallar o lume nazonalista que prendeu xa nos galegos das Américas.

Haberá ainda quen lle faga caso a este parvo de quen oimos rirse a tódol-ós escritores non só galeguistas, senón galego-castelás de mais sona?

Nas Américas, coma na Galicia, xa te van conecendo, pobriño.... Nen de balde quer ninguén as tuas ridículas novelas. Dígan'os libreiros.

¡Santiago... e cerra Hespaña! Que socede? Pois que Oviedo quer levare c reximento de Inxenieros destinado a Compostela.

I os parvos da erás meia de Santiago botan lume. A cousa é terriblel.

¡Deixar a Galicia desguarnida, tendo fronteiras portuguesas tan perto!

Non, santiagueses, oferedede coma d'outra vez, a Escola de Veterinaria

para coartel. E se d'este xeito inda non s'amolece o ministro da Guerra, ofrece de tamén pra coartel a Universidade. E se aínda así non conseguídes que vos deixen os soldadiños, ofrece de a Catedral.

Todo, primeiro que ficar sen cousa tan esencial e sintomática de progreso coma un reximento mais.

¡Que contraste entr'estes povos nosos e os catalás e vascos!

Asturias e Galicia, rifando por soldadiños mais ou menos.

Agora espicámonos por qué entrambas rexións teñen tantos cuneiros e por qué non logran impoñeren o ferrocarril da Costa.

Se dixérades, non queremos soldados, xa veriades como vol-os mandaban a picota.

E xa que falamos de soldados. ¿Qué terá que ver a Festa da Raza (festa cursi, propia de cursis) co'as misas de campaña?

¿Ou pensades volver á conquista «manu militari» d'as Américas? Ao xusgar pol-o coronel Bauzá do Ferrol que n'un discurso dixo que Hespaña debe sere coma nos tempos de Felipe II...

O «Ideal Gallego» veu facendo unha campaña contra do bugallalismo, as Cámaras Agrícolas e os cuneiros, moi dina de se gabare.

Tería tódol-os nosos aprausos, se fixera, ademais das outras, unha rexa campaña contr'os gassetistas.

Estes «agrarios» tinguídos co sangue de Nebra, ese Viturro que aldraxou co noso Castelao, merecen sere postos na Picorete sempre «festivo».

Para orgaizar festas non vos hai outro. Agora quer facerlles homenaxes a Rodó, Rubén Darío e Nervo.

Discursos, banquetes, argalladas... Que o seu nome role pol-os xornaes. Este é o ideal de Picorete.

O DERRADEIRO LAYD, por Castelao



¡Adeus meu irmanción! ¡É que quapo vas co traxe das romerías!


Imp. de «El Noroeste», Real, 26

GALEGOS: Poñede voso pensamento na II Asambleia nazonalista que vai facerse en Compostela. En Lugo, o ano derradeiro xurdiu a vountade nacional da nosa Terra. Galicia por obra dos escolleitos, comenzo alí a ser nación. seguirán agora en Santiago traballando por impór as arelas da nacionalidade nascente, cantos asistan de xeito persoal ou delegado, ás sesións da enxebre Asambleia. ¡Sursum corda!

Cantos queiran unha Galicia forte, grande, próspera, libre, con cultura propia, con perscalidá diferenciada, colaborando na vida mundial, con releve na Estoria futura, dona d'unha valoración atlántica insuperable, en estreito xuntoiro co'a irmá Lusitania, redimida de total-as escravitudes espritoales e de total-as colonizacións materiaes, que leven seu gran d'area á II Asambleia nazonalista.

A Santiago cantos galegos seian gálegos pensantes. Tódol-os que sintan a Terra i-a Raza; tódol-os que aspiren a máis que o nome d'habitadores d'un territorio.

O DIPUTADO POR VEIRAMAR
NOVELA DE GONZALO LÓPEZ ABERTE



Esta interesante e modernísima novela en idioma gallego, está posta a venda nas principais librería de Galicia.

PRECIO 3 REAS

Compendio de Gramática Gallega

PRECIO 2 REAS

VÉNDENSE:

- | | | |
|---------------|---|--------------------|
| Na Cruña | } Administración «A NOSA TERRA»
IRMANDADE DA FALA. | } M. ría Pita, 77. |
| Ferrol. . . . | | |
| Lugo | Id. id. Gerardo Castro. | |
| | Id. id. Viuda de Alonso. | |
| Santiago. . | Id. id. Angel Porto. | |
| | Id. Editorial «Eco de Santiago». | |
| Orense . . . | Id. id. Viuda Pérez Resvié. | |
| Monforte. . | Id. Antonio Fernández Piñeiro. | |

Faise c rrego de todas
cras de traballos gr -
ficos, en imprenta, lito-
grafia e fotograbado,
ansi coma sellos de
caucho

A Papeleira Galega



"PATENTE-SALVAVIDAS,"
O millor pra pintar os
fondos dos barcos. Ga-
nou Diproma de Hono-
re, Gran premio e me-
dalla d'ouro nas Expo-
sici s de Par s
e Londres.
REPRESENTANTE:
V. P. CHAG N--Vigo



COMPAGNIE DE NAVIGATION SUD-ATLANTIQUE


Salida do porto da **CRU A** para **Bah a, Rio de Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos-Aires**

O d a 2 de Noviembre de 1919, aproisimadamente e salvo continxencias, sair  do porto da CRU A o paquebot correo franc s

— SAMARA —

Ademite pasaxeiros de primeira, segunda, segunda intermedia e terceira crase. Prezo do pasaxe en terceira crase ao Brasil, Montevideo e Bos Aires Pesetas 384'60 Para m is informes dirixirse aos seus consignatarios:

Sres. OYA GILARD e COMPANIA, (S. en C), Praza d'Ourense 2 B e Feix o, 2.—A CRUNA



Compa a Chargeur Reunis

Pra os portos de MONTEVIDEO e BOS-AIRES, sair  da CRU A sobor do 9 d'Outono, o lixeiro e magnifico vapor

— TROUDE —

Admite pasaxeiros de 1.^a e 2.^a crase e 2.^a econ mica.

Prezo do boleto de TERCEIRA crase Pesetas 354'60

» medio boleto » » » 189'60

Nenos m is novos de dous a os, un gratis por familia.

De dous a 10 a os, pagan medio pasaxe. Maires de 10 a os, pasaxe enteiro.

NOTA INTERESANTE.—As mulleres que leven nenos que non chegan aos 10 a os, chamadas pol-os seus maridos, non poder embarcaren pra BOS-AIRES si non presentan n'esta Agencia un certificado **PRECISAMENTE** do **DEPARTAMENTO de EMIGRACION de BOS-AIRES**, permiti ndolles o desembarcaren na **REPUBLICA ARXENTINA**. Non te en valor algun, as cartas de chamada, autorizacions, nin poderes dados ante os C nsules hespa oles.

As mulleres que se atopen n'estas condici ns e non presenten **NECESARIAMENTE** o dito certificado, non poden embarcar. Tamen te en que presentaren o mesmo certificado os emigrantes que te an **MAIS de 60 ANOS** e non vaian acompa ados da s a familia.

O d a fixo da s ida anunciar se con oportunidade.

Os pasaxeiros te en de presentarse n'esta Agencia o d a 5 d'Outono pol-a ma an,

Pra informes dirixirse aos Agentes Xeneraes en Hespa a,

ANTONIO CONDE (Fillos).—PRAZA d'OURENSE, 2—A CRU A

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

Xuan Vázquez Pereiro

A mil or fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rua estreita de San Andrés.--A CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o mais cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores productos i-a limpeza mais eisquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDEVOS



GRANDES TALLERES

DE LAVADO E PRANCHADO
DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centraes:

A Cruña: Cantón Pequeno, 12
Vigo: Praza da Constituzón, 12

Sucursaes na Cruña:

Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4
Sad Agustín, 22

Sucursal en Vigo:

Circo, núm. 5

Total-as nosas sucursaes ostentan un letreiro como sinal, qu'é reprodución da marca de garantía eiquí estampada.

Recíbense encárragos de fora, y-espidense por meio das nosas sucursaes.

Si no lugar orde vostede reside non-a hay, sirvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encárragos.

Os viños e coñás millores

són os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQO, de Xerez Fronteira, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh mais selecto

de mundial e reconocido sona é o ZENZANO (Torino),

Pra viños de mesa

non hay outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Señores R. LOPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

Representante eisclusivo (matriculado) de todas istas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A Cruña


EL NOROESTE

XORNAL DA CRUÑA

O millor informado da rexión galega

Longas conferencias pol-as Axencias

FABRA e RADIO (ultramoderna)



LLOYD REAL HOLANDÉS

AMSTERDAM

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios.

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saidas fixas-regulars da Cruña e Vigo, adimitindo pasaxeiros de 1.^a, 2.^a, 2.^a intermedia e 3.^a clás.

Pra ir formes respeito a datas de saidas e prezos de pasaxes dirixirse ó Axeute xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO

EFFECTOS NAVALES

— DE —

FERRER Y COMPAÑÍA—SUGESORES

F. BERTRAN e MIRAMBELL**Vigo e A Cruña**

CASA FUNDADA EN 1868

Artigos xeneraes pra equipo da Marina Militar, vapores, barcos de vela e pescadores

GRAN FONDA**Las Cuatro Naciones****San Andrés, 102—A CRUÑA**

O novo dono dista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xantase ben, e os precios están ó alcance de todos.

LA MODERNISTA**GRAN SALÓN DE BARBERÍA**

— DE —

RAMOS E ACEA**San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA**

Establecemento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: N'este establecemento atopará o público un servizo permanente a cargo dos seus propietarios, antigos dependentes das mais importantes peluquerías desta capital.**LA SALUD
CASA DE BAÑOS**

A MILLOR DA CRUÑA

Avenida de Rubine, 22 (Riazor)

Abonos Químicos Mineraes

Cementos, Sulfato de cobre, Azufres,
Calo Bo: Dalés ROUCH

Rexenerador ROSTTAM pra os animais debles; pra que as galiñas poñan mais hovos, etcétera.

Pídanse prezos e condizos a

Fernández, Fano y C.ª—A CRUÑA**Materiales de Construcción**

CEMENTO ASLAND

MADEIRAS—CARBÓN

Centro Xeneral de Seguros

**Ignacio Pedregal
NA CRUÑA****Gran H. Universal****Rúa da Reina (da Rainha), 21—LUGO**
O MAIS NOVO E MILLOB

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

**Frábica Mecánica
::: de Calzado :::**

— DE —

ANXEL SENRA**RUA XUAN FLÓREZ**Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA**Hotel Continental****CASTELAR, 8 e OLMOS, 28**

O MELLOR SESVIDO

— DE —

**M. Losada Prado
A CRUÑA****FARMACIA EUROPEA**

— DE —

**LOPEZ ABENTE
REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos establecimentos da súa crase que mais honra a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

Servicios directos dende o porto da Cruña

O 31 d'Outono aproisimadamente e salvo continxencias, sairá para

Habana e Veracruz o rápido paquete correo**Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)**

	Habana	Veracruz	
Ponte paseo:			
Camarotes de luxo.	Ptas. 2.053'75	2.138'75	
Id. est-riores.	» 1.668'75	1.753'75	
Primeira crase } Ponte superior:			
	Camarotes exteriores.	» 1.498'75	1.593'75
	Id. interiores.	» 1.293'75	1.378'75
	Ponte inferior	» 1.293'75	1.378'75
Segunda crase.	» 1.103'75	1.088'75	
Preferencia.	» 808'60	798'60	
TERCEIRA CRASE.	» 328'00	343'00	

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.
O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitir seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.
Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.
Para toda clase d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó Consinatario.

D NICANDRO FARINA — Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo